

**PROTOCOLO COVID DO CONCELLO DE TEO PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO
EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A
CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACION TEMPORAL
DE TRABALLADORAS/ES SOCIAIS NO CONCELLO DE TEO**

Convocatoria: constitución dunha bolsa de emprego para a contratación temporal de traballador/a social.

Tipo de proba: exame tipo test

Día da proba: 19 de novembro de 2020

Persoas candidatas convocadas: 47

Lugar no que se realizará a proba: edificio do Auditorio Constante Liste da Ramallosa. Sito no número 2 da Rúa da Lagoa, Lucí 15883 Teo. Sala do auditorio.

1. Capacidade máxima de persoas

O número de persoas convocadas limítase a 47, sendo probable a presentación dun número inferior de persoas para a realización efectiva do exame.

En todo caso as dimensións do espazo habilitado permiten garantir a distancia de 1,5 metros entre persoas nas catro direccións.

2. Portas de acceso

Se ben o centro conta con varias portas, o número de persoas aspirantes fai prever que será suficiente a utilización dunha única porta de entrada e outra de saída na sala na que se desenvolve a proba. O acceso directo dende o exterior evita a aglomeración de persoas en lugares pechados de paso.

Así mesmo, o carácter aberto e amplo do perímetro no que se sitúa o centro no que se desenvolverá a proba permite evitar a aglomeración de persoas.

3. Sinalización dos espazos

Habilitaranse as sinalizacións necesarias para habilitar percorridos que non xeren aglomeracións o que se reforzará coa presenza do persoal necesario para clarificar calquera dúbida que poida xerarse ao respecto.

4. Aseos

A planta na que se atopa a sala na que se realizara o exercicio conta con aseos correspondentes nos que se realizan labores de limpeza e desinfección frecuentes, que, en

todo caso, serán reforzadas con motivo da realización desta proba. Nos aseos en cuestión están dispoñibles os materiais esixidos: papel desbotable, xabón, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa e pedal.

5. Ventilación

A sala habilitada para a realización do exame conta con grandes ventanais que garanten a posibilidade de ventilación natural para a renovación do aire.

6. Limpeza e desinfección das instalacións

Seguiranse as indicacións xerais para a garantía de desinfección nos espazos habilitados para a realización da proba tanto con carácter previo como posterior a esta.

7. Comunicación previa das medidas de prevención

Simultaneamente á publicación do presente, publicarase a comunicación as persoas aspirantes das medidas de prevención en materia de COVID-19.

8. Persoas especialmente sensibles

As persoas especialmente sensibles (vulnerables) deberán comunicalo debidamente, até as 11:00 horas do día 19 de novembro. Esta vulnerabilidade deberá xustificarse adecuadamente mediante informe de saúde. Dita comunicación poderá efectuarse a través do correo electrónico rrhh@teo.gal.

Teo, 18 de novembro de 2020.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira